



O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reúnese cos coordinadores das catro agrupacións estratéxicas do SUG

En maio do pasado ano déronse cita na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os coordinadores das catro agrupacións estratéxicas creadas en 2015, entre eles o catedrático Carlos Hervés, coordinador de ECOBAS.

Nº1. Xullo 2016



O investigador Marcos Álvarez trasládase ó JCR de Ispra, Italia

Marcos Álvarez, investigador principal do grupo EMAF, incorporouse en outubro á unidade de *Modelling, Indicators and Impact Evaluation* do Centro Común de Investigacións (JCR) da Comisión Europea en Ispra, Italia, onde está a desenvolver o seu traballo durante este ano.

Nº2. Setembro 2016



O Pont Up Store 2016 consolídase como un importante escaparate da cultura emprendedora

A terceira edición do Pont Up Store celebrada en setembro do pasado ano acadou un gran éxito de participación, recibindo máis de 110 solicitudes.

Do 21 ó 23 de setembro terá lugar a cuarta edición.

Máis información en pontupstore.com

Nº3. Novembro 2016



A Universidade de Vigo, impulsada por membros de ECOBAS, adhírese á Rede EUSUMO para o fomento do cooperativismo e a economía social

En setembro do pasado ano a Universidade de Vigo firmou o convenio de adhesión a esta Rede de colaboración que fomenta o espírito emprendedor e o emprego con base na Economía Social.

Mais información en eusumo.gal

Nº3. Novembro 2016



Carlos Gradín, investigador do grupo ECOSOT, trasládase ó UNU-WIDER de Helsinki

O investigador de ECOSOT deixou temporalmente o seu posto na Universidade de Vigo e o seu cargo no Comité Científico-Executivo de ECOBAS para incorporarse á Universidade das Nacións Unidas, onde traballa en proxectos sobre desigualdade en grupos de poboación.

Nº4. Xaneiro 2017



Da comezo o proxecto LitterDrone, que conta coa participación do grupo iMark

En febreiro presentouse este proxecto, cuxo obxectivo é desenrolar un sistema piloto para a caracterización do lixo mariño nas costas de Europa. Está liderado polo grupo de Procesado de Imaxe e Realidade Virtual (GPI-RV) da Universidade de Vigo, e o Grupo iMark de ECOBAS forma parte do consorcio.

Máis información en litterdrone.eu

Nº5. Marzo 2017



David Sánchez, Xestor de ECOBAS, trasládase temporalmente a Bruxelas grazas á obtención dunha axuda do CDTI destinada á Capacitación de Xestores

O xestor de ECOBAS obtivo unha das seis axudas concedidas na última convocatoria do CDTI, e trasladouse durante varias semanas a Bruxelas para recibir formación especializada sobre o programa H2020.

Nº6. Maio 2017



O Comité Científico Asesor de ECOBAS visita Vigo

En maio tivo lugar o primeiro encontro entre os membros dos tres órganos directivos e xestores de ECOBAS: o Comité Científico-Executivo, a Comisión de Dirección e o Comité Científico-Asesor, este último integrado por nomes destacados nacional e internacionalmente no ámbito da economía e da empresa.

Nº6. Maio 2017